

SOBRE OS AUTORES E AS AUTORAS

Mariña Arbor Aldea é graduada en Filoloxía Hispánica, Licenciada e Doutora en Filoloxía Románica. Tras formarse na Universidade de Santiago e de realizar un bienio de posdoutoramento na Università degli Studi di Padova (Italia), regresou á USC como Investigadora Ramón y Cajal. Nesta universidade desenvolve agora o seu labor como profesora titular.

Entre as súas publicacións destacan *O cancionero de don Afonso Sanchez. Edición e estudio* (2001), *Cancioneiro da Ajuda* [edición facsímile] (2008), *Cancioneiro da Ajuda. Transcripción e notas* (2015), ou os volumes en que participa como autora e coordinadora, como *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa* (2010), *Pergamino Vindel* (2016), *Transitando polas vías da lírica hispánica. A ruta dos trobadores* (2020) ou *Vai lavar cabelos na fontana fría. As orixes da lírica hispánica* (2021). Finalmente, a profesora Arbor Aldea forma parte do proxecto *Universo Cantigas* (www.universocantigas.gal) como IP2.

Xosé Bieito Arias Freixedo é doutor pola universidade de Santiago de Compostela cunha tese sobre a obra poética do trobador Roi Fernandiz de Santiago (1999) (<http://locuscriticus.webs.uvigo.es/Roi/index.html>) e profesor titular do departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo. Forma parte do equipo de investigación do proxecto *Universo Cantigas* (<http://universocantigas.gal>), que está a realizar a edición dixital completa da poesía trobadoresca galego-portuguesa.

Entre outras publicacións, é autor da *Antoloxía da lírica galego-portuguesa* (2003), así como do libro *Per arte de Foder. Cantigas de escarnio de temática*

sexual (2017). Ten publicados numerosos traballos en revistas e volumes especializados no ámbito da crítica textual e da edición de textos, focados fundamentalmente na análise de problemas editoriais de diversa tipoloxía que presentan os textos trobadorescos.

Ângela Correia é profesora na Facultade de Letras da Universidade de Lisboa e investigadora no Centro de Linguística da mesma universidade. A súa área de investigación principal é a Crítica Textual e a Lírica Galego-Portuguesa, á que ten dedicado bibliografía diversa incluíndo dous libros (*Ama. A Importância de um Nome no Conhecimento Sobre os Trovadores Galego-Portugueses*, 2016; *O outro nome de «Don Estevan». Oito Sátiras Trovadorescas Relacionadas com Sancho II de Portugal*, 2021) e dúas teses. É tamén editora de Camilo Castelo Branco, un dos mais proeminentes escritores portugueses do século XIX, téndose responsabilizado da edición crítica de seis volumes. Editou igualmente dúas obras do escritor portugués do século XX Vitorino Nemésio. É directora do web Bibliotrónica Portuguesa, creado en 2007, no ámbito do cal coordina a reedición de libros esgotados e desenvolve a actividade de edición de orixinais.

Leticia Eirín licenciouse en Filoloxía Galega na Universidade da Coruña e doutorouse nesta mesma universidade no ano 2012. Na actualidade é profesora da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña.

O seu traballo de investigación está centrado na literatura medieval galego-portuguesa. De entre as súas publicacións destaca a edición da obra teatral *Auto chamado dos Enfatriões*, de Luís de Camões (2008), *O cancionero de Pero Mafaldo. Edición crítica* (2014), en colaboración con Manuel Ferreiro, ou *A visión do amor no cancionero de Don Denis. Estudo e edición de 33 cantigas de amor* (2015). Fai parte do proxecto *Universo Cantigas*, que ten como obxectivo realizar a edición crítica dixital da lírica profana galego-portuguesa (<http://universocantigas.gal>).

Manuel Ferreiro é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. A súa actividade investigadora abala entre a Lingüística Histórica e mais a Ecdótica e a Crítica Textual: os dous volumes da *Gramática Histórica Galega* (1995-1997) inscribíense na primeira liña de investigación; co segundo núcleo de pesquisa están relacionados os traballos que teñen como obxecto o estudo e a edición de textos medievais, coa publicación de diversos contributos e artigos especializados en revistas e libros colectivos, e mais monografías como *As cantigas de Rodrigu'Eanes de Vasconcelos* ou *O Cancioneiro de Pero Mafaldo*.

A figura e a obra de Eduardo Pondal nuclea outro centro de interese investigador no ámbito da Crítica Textual e do estudo da lingua literaria pondaliana, coa publicación de múltiples estudos, nomeadamente os catro volumes da súa obra completa (1995-2005) e numerosos traballos e monografías sobre o poeta.

Na actualidade dirixe o proxecto *Universo Cantigas*, que ten como obxectivo realizar a edición crítica dixital dos textos que integran a lírica profana galego-portuguesa (<https://universocantigas.gal>).

Miguel García-Fernández é licenciado en Historia, coas especialidades de Historia Medieval e Historia Moderna, e mestrado en Estudos Medievais Europeos pola Universidade de Santiago de Compostela. As súas investigacións céntranse na historia social das mulleres, especialmente en relación coa historia medieval de Galiza, ampliando os seus intereses cara á historia social do poder e o estudo do patrimonio documental galego. Nesta última liña de traballo, é codirector, xunto a Ricardo Pichel, da plataforma de multiedición dixital *EGPA. Escritorio Galego-Portugués Antigo*. Ademais de ser autor de máis de medio cento de publicacións e de participar en diferentes proxectos de investigación e congresos nacionais e internacionais, actualmente forma parte do persoal técnico do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia) e do persoal investigador colaborador do Instituto da Lingua Galega (USC).

Pär Larson é director de investigación no Istituto Opera del Vocabolario Italiano (OVI) do Consiglio Nazionale delle Ricerche (CNR) de Florencia, onde traballa desde 1997. Aínda que as súas funcións se centran na lexicografía dos textos medievais italo-románicos, Larson considérase ante todo un filólogo e un lingüista, e as súas publicacións confirman esta afirmación, como mostra a súa gramática histórica ou a súa investigación histórica sobre a lírica italiana das orixes, que van desde os textos vernáculos máis antigos de Córcega ata a lírica profana galego-portuguesa. En 2018 publicou unha pioneira gramática galego-portuguesa titulada *La lingua delle cantigas*, que ao ano seguinte foi traducida e publicada en lingua galega.

Teresa López é profesora na área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña. A súa investigación está centrada na literatura galega contemporánea, con atención preferente á recepción da poesía medieval na contemporaneidade, á literatura do Rexurdimento e á recuperación e edición de obras inéditas ou descoñecidas. Entre as súas publicacións destacan os libros *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses na Galiza*

do século XIX (1991) —I Premio de Investigación Lingüística e Literaria Carvalho Calero—, *O neotrobadorismo* (1997), *Sementeira de ronseis. Cinco poetas da vangarda* (2000) e as edicións de *Rua 26. Diálogo limiar* (1996) de Álvaro Cunqueiro, d'*A costureira d'aldea* (2006) de Manuel Lugrís Freire e, en colaboración con Xoán López Viñas, d'*O frade das dúas almas* de Xosé Tobío Mayo (2009). Na actualidade coordina o grupo de investigación ILLA (Investigación Lingüística e Literaria Galega).

José Carlos Ribeiro Miranda é profesor retirado da Facultade de Letras da Universidade do Porto, onde ocupou o posto de 'professor asociado com agregação' no Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos. Fundador do SMELPS (Seminário Medieval de Literatura, Pensamento e Sociedade, R.G. do Instituto de Filosofia da FLUP <https://ifilosofia.up.pt/proj/smelps/apresentacao>); IP do grupo portugués do GDRE-AILP (Groupement de Recherche Européen «Approche Interdisciplinaire des Logiques de Pouvoir dans les Sociétés Ibériques Médiévales»), rede europea de investigación do CNRS (Centre National da Recherche Scientifique-France, 2007-2012); socio de honra da Asociación Hispánica de Literatura Medieval; presidente da Sección Hispánica da International Arthurian Society. As súas áreas de especialización son: Idade Media; Filoloxía; Literatura Comparada; Historia da Cultura; Historia Social da Nobreza.

Henrique Monteagudo é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela, onde se licenciou e doutorou en Filoloxía Galega e onde exerce desde 1982. Investigador do Instituto da Lingua Galega da mesma universidade. É director da revista *Grial* e presidente da Real Academia Galega. Nas súas liñas de investigación tocou temas de filoloxía, historia da lingua, edición crítica e sociolingüística. Entre os seus traballos relacionados coa lingua e a literatura galegas medievais, salientan as monografías *O son das ondas* (1998), *Historia social da lingua galega* (1999, 2ª ed. 2017), *Letras Primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emergencia do galego escrito* (2008), e *A nobreza miñota e a lírica na Galicia da primeira metade do século XIII* (2014), así como a edición facsímil do pergamiño Vindel (1998, 2014 e 2017). Igualmente, poden salientarse os artigos «'Cuita grand'e cuidado' (A 32) / 'Coita grand'e coyado' (B 174). Estratigrafía da variación lingüística nos cancioneiros trobadorescos» (2013) ou, entre outros, «Variación scriptolingüística e estratigrafía comparada de A e B. Achegas á proto-tradición manuscrita dos cancioneiros galego-portugueses».

Ricardo Pichel é doutor en Filoloxía Galega e Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi beneficiario de varias bolsas e contratos predoutorais na Universidade de Santiago de Compostela, na que continúa como investigador colaborador externo no Instituto da Lingua Galega, e na Universidade Complutense de Madrid, da que é colaborador honorario. Na etapa de posdoutoramento foi beneficiario de varios contratos de investigación nas Universidades de Santiago de Compostela, Porto e Alcalá. Nos últimos anos realizou algunhas estadias en centros europeos e estadounidenses. Foi IP de dous proxectos autonómicos, un de I+D+i, financiados pola Comunidade de Madrid, a Universidade de Alcalá e fondos FEDER. Colabora como investigador colaborador en varios proxectos (internacionais de I+D e redes de excelencia financiados con fondos públicos estatais, europeos e/ou estadounidenses (Universidades de Alcalá, Valladolid, Santiago; Birmingham, Porto, California, Canadá). Na actualidade é profesor na Universidad Nacional de Educación a Distancia.

Gema Vallín é profesora titular na Universidade da Coruña (Departamento de Letras, sección de Románicas) e doutora en Filoloxía Románica pola Universitat de Barcelona. Foi docente na Università degli Studi di Pisa e na Universidade de Santiago de Compostela. Foi profesora convidada na Universitat Autònoma de Barcelona, e impartiu conferencias por convite en universidades de Francia e Italia. O seu campo de estudo é a literatura románica, con especial dedicación á lírica trobadoresca, sobre a que ten publicado monografías e estudos sobre trobeiros, trobadores provenzais e galego-portugueses. A lírica tradicional en relación coa culta, o último período da lírica galega e o corpus galego-castelán tamén ocupan unha parte destacada do seu labor. Fixo parte de numerosos proxectos de investigación nacionais e autonómicos, e na actualidade é IP (xunto á prof^a. María Isabel Toro Pascua) do proxecto do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades *El origen de la lírica castellana desde las fuentes gallego-portuguesas: poética y retórica* (OlíriCas2).